

POEMAS DE LAUREANO ÁLVAREZ

CARLOS LÓPEZ-KELLER ÁLVAREZ

Laureano Álvarez Martínez naceu o 20 de marzo de 1912 na vila de Santa Marta de Ortigueira.

Escribiu excelentes poemas. Téñoos agora nas mans. Decidín, por algunha razón ignorada, dar ó prelo algúns deles, con certo temor. ¡Qué cousa máis absurda, no fondo, publicar poemas!. Pero creo que paga a pena editalos, que lles dea o aire e que aturen, se queren, a ollada e o xuízo de terceiros. Aínda así, non podo evita-la idea de que o simple feito de pór en letra de imprenta estes versos leva consigo unha agresión fundamental, un cambio definitivo no sentido e alcance das poesías, polo que supón de esgazamento dun dos seus elementos esenciais: os seus destinatarios.

Tódolos poemas teñen, pola súa propia esencia, estas tres partes: o poeta, a poesía e o lector. Tres partes, tres consciencias, tres experiencias. Unha poesía nunca é a mesma segundo quen a escriba, segundo quen a lea, segundo quen a escoite.

Laureano escolleu sempre moi ben ós seus terceiros. A maioría das poesías que publicou, unha mínima parte, foi pola man garimosa de David Fojo, director de *La Voz de Ortigueira*, home excepcional, amigo e compañeiro de cando as palabras eran palabras, e non renxer de motores. Daquela os destinatarios eran ortigueireses, vilegos ou vilanchos, xente de Santa Marta, que sabería recoñecerse nos versos de Laureano. Do resto, ducias e ducias de versos quencidos da súa emoción vital, el mesmo foi destinatario único.

I. O POETA

En primeiro lugar, está o poeta. Laureano nunca se chamou a si mesmo poeta, nin consentiu doadamente que llo chamasen. E non só por ser

cousa dun mal gusto evidente, conforme dicía John Berger, senón porque o fondo lirismo que inspira os seus poemas estaba presente en toda a súa obra literaria, periodística ou divulgativa. A súa identidade de poeta, polo tanto, non é máis ca un adxectivo, algo que cualifica o seu facer por enteiro, coma un ambiente sorprendido e afable que o acompañaría sempre.

Nas súas poesías, da mesma forma que nas súas crónicas, nas estampas, conferencias ou na conversa cotiá, gardaba o estilo garimoso dunha vida sementada no abraio pola beleza. Nestes tempos, cando certa poesía tenta medrar esgazada do lirismo, con verbas acoiteladas, treboentas e ferintes, gusto de me atopar nestes poemas de Laureano, poemas que se deixan acompañar con agarimo, nestas xeiras feridas que atravesamos. Recoñezo que non toda poesía se escribe para gozar coa súa lectura; mais con respecto a esta, tras gustar anos da súa compañía, home excepcional e transparente, gusto agora fondamente destes versos.

Laureano foi membro do Partido Galeguista durante a República e mestre nacional. Represaliado, atopou un recuncho como funcionario no concello de A Coruña, nos últimos anos corenta. Participou daquela no *Coro Cantigas da Terra*, exercendo de directivo, animador, autor de letras de melodías e escenas musicais. Escribiu en *La Voz de Galicia* sobre música, folklore, etnografía, reloxos e arte. Foi membro correspondente da *Real Academia Galega* e numerario da *Galega de Bellas Artes*. Secretario do *Patronato de San Andrés de Teixido*, cronista oficial de Santa Marta de Ortigueira e, por un tempo de catro décadas, cronista de arte dende as columnas de *La Voz de Galicia*.

As biografías adoitan dicir pouco das persoas. No caso de Laureano isto é significativamente verdade. Coma a biografía dun vento, máis certo que face-lo relato dos sitios polos que pasou sería

describi-la forza que o animaba, o núcleo que fai coherente unha vida tan dispersa e lúcida, o máis valioso que temos de Laureano. Porque, por paradoxo, o máis trascendente das cousas que deixou á morte foi todo o que levou consigo: o seu espírito, a súa vehemente presenza, a súa conversa donda, a súas mans paroleiras, o seu sorriso franco, o seu xenio intempestivo e o seu arrebatado carácter. Esa mestura fíxoo dono dos seus destinos. Por máis que treboadas de furia o afastasen do seu orixinal destino –se é que tal cousa existe– Laureano soubo terminar do temón e por forza de poderosos golpes de man edifica-lo mundo pola súa propia vontade. Tivo a eterna arela de actuar, facer, rachar coa pasividade, aprender e comunicar, altera-lo seu redor, «agredir» no senso etimolóxico de «ir cara a», como dicía Rof Carballo. Na relación co seu entorno, nese vencello que chamamos realidade, Laureano gardou sempre a derradeira palabra, sempre mandou. Foi, neste ámbito, o dono do mundo.

E nese actuar, leu e escribiu durante toda a vida. Entre as súas obras, crónicas, conferencias, artigos, críticas. E deixou tamén centos de versos grises e azuis. Marelos e lilas. Versos cunha extraña cadencia musical, versos que urden tapices de sentimentos, fios de amoríos e terra e terra, sobre todo terra, o berce da Ría de Santa Marta.

II. OS POEMAS

O segundo elemento son as poesías. Neste mundo hai críticos de poemas, como podería haber cronistas de solpores, relatores de nubes ou escoitadores de fontes. Moito quixera pertencer a un colectivo tal, e poder vulga-la calidade dun sentimento impreso. Pero non pertenzo a este mundo, e soamente podo falar dende a miña cruel subxectividade; direivos como son os poemas que lin eu e que, por máis que compartan versos e rimas, se cadra son moi distintos dos que ides ler vós. Disimulade, polo tanto, a torpeza destes comentarios.

Poemas de intimidade, líricos e contundentes coma a cunca baleira dunha fonte seca. Xoga Laureano, en galego e en castelán, coa teima da Vila, sempre Santa Marta e os seus ceos.

Este é o primeiro detalle: os poemas sempre falan dunha propia vivencia de autor, dende a súa identidade, nunha primeira persoa directa ou agochada. Son poemas dunha persoa que vive, recantos de intimismo, acenos intransitivos dunha vida

guindada cara a fóra. Nunca refiren temas obxectivos tratados por unha froitosa inspiración poética, senón que relatan os camiños interiores, labirintos dos mundos que medraban detrás da súa mirada.

Laureano viviu en Santa Marta ata os vinte e sete ou vinte e oito anos, e alí coñeceu a Cunqueiro, mestre coma el. Voltaría sempre, ó longo da súa vida, pero nunca máis que por estancias temporais. En tódolos seus versos, ás veces difusa ou entornada, aparece a sombra da Vila, o ronsel desa lancha varada no mal calmo da Ría, esa proa neboenta de Santa Marta, península no interior dun lago escarnecido, a silueta da torre da igrexa parroquial e o seu vello entorno de O Ponto, acurrado nas encostas dun outeiro castrexo. Sempre Santa Marta, e con Santa Marta os seus mil nomes. Campos, rúes e congostras, sitios, lugares e ventos, proeiros da súa nenez, mestres de contos, cantares e segredos.

A Vila sempre. Sempre a Vila, con músicas e silencios. Paisaxes baleiras, pero doentes; con vida pero sen xente. Paisaxes sen tempo, nunha consciente parálise do devenir das horas. Pasa por Miñaño, lugar ortigueirés entre a terra e o mar. Velái o devezo por ficar nun soño atemporal, escoitando o chío dun paxaro, chío que anuncia a eternidade. De fronte do paxaro, unhas curuxas fendem o aire, e traen consigo o tempo, o despertar, a ferida das horas, os fracasos.

Unha gris de curuxas
enche os verdes de pranto
e de amarelos soños
no outono asulagados.

E co tempo, a consciencia da ancianidade. Abonda pasear pola senda de Miñaño, ou sentar á ribeira da Ría para se sentir inmensamente vello, dorido polos anos, diante dunha terra inmune á erosión das horas, terra de mocidade. Poemas sen tempo. Intencionadamente escribe cun ritmo lento, que lle fai mandar parar ó seu corazón para poder vivir, para se achegar á beleza que o tempo non pode esmorecer.

Guinda as súas lembranzas en versos, en preguntas polo tempo, pola súa significación e lonxanía. O tempo, ese río sen beiras que pintou Marc Chagall.

En primeiro lugar, a Vila; en segundo lugar, o tempo. En terceiro lugar, a soidade. Laureano escribe dende e para a soidade. Dicía eu que o poema

tamén é o lector. Pois ben, as ducias e ducias de poemas que se dirixía a el mesmo, a gran maioría, escribíaos, asinábaos e gardábaos no peto. Así era Laureano. Por iso, cando morreu deixou ceibar do seu interior, coma nun soberbio regalo, innecesario coma todos, centos de versos, nun derradeiro alento dirixido a ninguén.

Da consciencia da soidade, da soidade esencial en que todos estamos, xorde a poesía, coma un berro, coma unha pregunta, coma unha chamada. Pregunta a ninguén. Chamada a ninguén. Poesía para deixar pendurados interrogantes nos recunchos indómitos do ser e do tempo. Nese sentido, a poesía non se entende como vía de comunicación, senón como o froito inevitable dun espírito abraiado polos sentidos, pola inmensidade dunha terra profunda, froito que ten de seu o inevitable da primavera, e o xermolar da chorima. A poesía sempre xorde, queírase ou non, e non paga a pena pechase a ela, como non paga a pena pecha-las xanelas cando sopra ese vento mareiro que burla tódolos atrancos imaxinables. Deixémonos levar, xa que logo.

Outro elemento dos seus versos é a súa tonalidade cromática. É por aí lle sae a afección pola pintura, que deixou impresa en centos de crónicas, que teño para mín de espléndidas. Laureano afástase do ruído para senti-lo mundo. Afástase da realidade coma un pintor abstracto, afigurativo, que racha as formas para gozar das cores. Detrás dos tons anda mergullada sempre algunha metáfora, porque nunca utilizou os nomes das cores para describi-las cores en si mesmas; as cores van cheas de significantes, sobardando o seu papel de adxectivos. Laureano define o seu mundo con tres pinceladas.

A luz cría matices sobre as augas:
grises, ocre, azules casi verdes
e o negro dos fagotes que descenden
da mítica montaña.

Nas poesías retorna sempre ás cores, e con elas vai a música, nun diáfano vencello con recendo a natural. Da soidade nace a música. Ó principio foi o verso, o ritmo. No corazón do mundo, a primeira música da sístole vital, música que se escoita nos chans desertos de A Capelada. Na música vai a mesma arela de substantividade que nas cores. Non se trata de que na paisaxe haxa música; trátase de que a paisaxe se mantén coma tal por unha secreta

cadencia tonal, que agroma do mesmo silencio. O que mantén a paisaxe e impide que esta se desfolle coma un tapiz desfiado é unha urdime musical, unha cantiga, ás veces un alalá, ás veces unha cantiga de berce, danzando detrás do que vemos. Ou o canto dunha bolboreta. Velaí, por exemplo, estes versos, meu amigo, estes versos apaixonados:

Y hay una voz prendida de la torre
que canta como un ángel o como una
mariposa púrpura.

Todo vai na mesma sintonía. O uso dos substantivos, por dicir algo. As mans. Unha e outra vez as mans, e o seu inverso inconsciente, as ás. Vencello co mundo, tamén as mans son paisaxe. Lembranza do que era e, polo tanto, do que sempre será. Nestas poesías tan plásticas, tan achegadas á terra, tiñan que se deter nese misterio dixital das mans, sucadas tamén de ríos e montes. Se cadra, Santa Marta está agochada nunha man extraordinaria, a man dun ser infinito, e resulta que a Vila existe porque é observada. Laureano debía ter tamén aquela sospeita. A Vila existe porque é vista e interpretada con ollos arregalados pola emoción. O centro do labirinto «cecais o teño nas mans», nese punto onde coinciden os cinco camiños dos dedos independentes e atolados. Máis alá, non hai nada.

As mans. A noite. A auga. Os ventos. Símbolos dunha perspectiva emotiva, dura, mais triste soamente en pura apariencia. Cheos de significacións vitais; incluso cando fala da morte, resóame cun aceno de victoria, a victoria do vivo que nomea, e que polo tanto que recoñece, esconxura e exorciza, á morte.

Yo los llamo con esta voz abierta
al vuelo de los mirlos que preludian y mueren.

Laureano chama, ergue a voz. Non hai nada tan vivo, tan vívido, coma estes versos, onde Laureano mira de esguello a propia eternidade reflectida na luz da Ría, desa Ría que, coma o peito dun home tendido, respira auga e énchese e baléirase dúas veces ó día. Nos poemas de Laureano, o home que sente, que sofre, que chora, é sempre un home vivo e cando canta, canta a súa vida coma un triunfo.

Abonda como prólogo. Os poemas que seguen son un sinal, un detalle do seu labor, un fio de voz, tomados case ó chou de ducias de arquivos. Non conforman escolma de nada, nin pretenden. Que

voen con ás indefinidas, e que os grises e verdes se troquen en letras pretas sobre papel branco. Agora son as horas en que acenden os seus soños os poetas.

Laureano leva oito anos soterrado, tras dunha estela funeraria, no camposanto de Requeixo, a

NA RIBEIRA DA RÍA

Plenilunio na ría.

A luz cría matices sobre as augas:
grises, ocres, azules casi verdes
e o negro dos fagotes que descenden
da mítica montaña.

Unha lancha vencida no peirao.

Eu soño sobre a quilla, solermiño,
singladuras de estrelas imposibles
navegando o meu propio laberinto
en inqueda búsqueda no centro.

Cecais o teño nas mans.

Aquí a cima broslada da beleza
o saudoso silencio para o ensono
a espiga e o racimo
a cantiga do paxaro e o freire
vencedores do tempo.

eu soio aquí, comigo
vivindo sombras verdes
e formas indecisas que debuxan
o meu escuro berce recobrado.

Dime ti que traduces as estrelas:
¿e posible morrer sobre da urdime
deste liño de dita?
¿Ou e que sobre a lancha
no meu plácido berce recobrado
estou, sin sombra, morto
xa no ceo?

proa cangada de adeuses, na sombra de A Capelada, pola que zoa eternamente o vento fecundador dacabalo de poldros de longa crina. Laureano deixo-se ir por aquelas paraxes. Ás veces, inda se me dá por camiñar na súa compañía...

POLO VERDE MIÑAÑO

Ós que imos indo.

Quen poidera ficar nunha ponla
do verde Miñaño
coma o chíó sin solfa
dun puro paxaro,
sin coidar ren vindeiro,
sin lembrar ren de antano,
soio co sutil
debullar do canto
verde sobor verde
do chíó de Miñaño.

Ser soio un alento
místico de anxo.

Unha gris de curuxas
enche os verdes de pranto
e de amarelos soños
no outono asulagados.

Levaille raparigos
lua de maio.
Levaille maio a gris
dos verdes de Miñaño.

Eu non podoo que teño
fleque de loito nos anos.

Quen poidera ser soio
chío de paxaro.

Pero vou indo pro ar por si podoo
finar sendo anxo
a ter unha tumba
na verde ponla de Miñaño.

NAS FESTAS DA VILA

Nas festas da vila, olleina bailar
na beira da Ria, na beira do mar.

Nas festas da Vila, fiquei namorado
daquela meniña do corpo delgado.

Por faguer obriga troquei un anelo
pola moura fita do mouro cabelo.

E pro verde cor
sede e mel de amor.

Nas festas da Vila, atopei a dita
ó trocar o anelo pola moura fita.

No batir das festas i en doce mansío
reguei de agarimos o meu amorío.

Foise abrindo en rosa pra ser estrela
e fíxose auga pra a miña arela.

E pro verde cor
soío mel de amor.

TU VOZ

Si pusieras tu voz en la copa
primitiva y ardiente de mis manos
tu voz de tibio lago escarnecido
tu voz de molino mutilado
tu voz de verdes impacientes
de brisas y cuidados
si pusieras tu voz en la copa
ardiente de mis manos
la voz de tu torre dominica
con acento sutil de gregoriano
yo diría a los vientos la cantiga
a la rosa de los vientos perfumados
que nacen en la proa acuchillada
del duro y alto mascarón del cabo.

Yo no tengo tu voz, que sólo tengo
palabras aturdidas en los labios.

Pero no esa voz con los silencios altos
que dicen tu lirismo y tu belleza
virgen aun de letras y de cantos.

Si tuviera tu voz en la copa
primitiva y ardiente de mis manos...

Alas ^{para el} de recuerdo.

La noche es una sola noche única.
 Y hay una vez prendida de la torre
 que canta como un ángel o como una
 mariposa de púrpura.
 Es aun la voz romántica que tiembla.
 Debussy que preludia.

La noche es una sola noche única
 para bailar los diables del recuerdo.
 Y descienden los mirlos de la torre
 en vuelo entrecortado.

Tengo todo mi ayer entre las manos
 y lo bebo de un sorbo.

Me sabe a melancólicas cerezas
 y a sombra, y a reflejos
 de pequeños caminos naufragados.

Y están conmigo todos los amigos
 lejanos en la vida y en la noche.

Y yo los llamo con esta voz abierta
 al vuelo de los mirlos que preludian y mueren.

1

AS MANS.

A crara esmola dunhas mans.

Dádeme as mans agora que non teño
nin o brillo da lus dunha cantiga
que me abroche o sangue xa amarelo.

Isto é ir soio. Nin un carabel.

Ain sequer unha bágoa pendurada.

E os mundos por drento coma esporas
roendome as entranas.

Pro fora erguese o muro sin fenestras
dos homes, enfouxando
a pomba o pan o anxo
e a promesa de herba espigadoira.

Cecais millor sufrir será as esporas
dos meus mundos fanados.

Pro si houbera unha man rosada e nua
agora que non teño nin cantigas !.

Non era aínda espigada.
 Era só unha herba
 bebedora de ventos.

Cecais só unha brisa, chea de sede
 de verdes e violetas,
 de ceo e de papoules.

Era un vento como unha herba
 espida

chutando, cabra uva, polo adro
 no cumio dos baldos
 nos arbores frondosos
 da carabela da besta non bousada
 no río do río,
 no meu sangue redento.

Madame la palmera sus gornios
 cada tibia verso que nos hiere.

Quizá son los de siempre.

feliz algambiz reverts.

Es la misma

en la vieja palmera o en nosotros.

que vuela por el tiempo, levemente.

como van los gornios al invierno

a morir al invierno

NAIDE.

Sóio vou eu, e sóio unha
man quixera na miña man amiga.

Sempre unha man soñei, sol e setembro,
que madurara o meu cantar en acio.

E mírome hoxe noite, fonda e moura
sin estrela, bufarda nin abrente,
inquedo sempre, inadautado e sóio,
xa sin contorno, orfo das mans tudas.

O sangue leva aínda esquio alento
de calandras e melros nas cerdeiras;
leva aínda refulgo da ollos ledos
e ribeira con sol e con escumas.

~~E mententa,~~
E ~~saúde~~ saúde de man flama.

Pro mira no redor mares de muros
que se erguen ate o ceio tudo chumbo
de almas.

Homes contra de homes sin mans.
Hirman muro.

Naide.

Millor ir sóio .

Unha soma na noite sin abrente.

E aquela arela rosa polo sangue !.

NIN ista hora é miña.

Nin sequer a soma balbuciante
dista voce abraiada.

Nin o aer. Si, nin o aer,
nin ise cor azul e rosa e branco
do ceio da surrixa e a laracha
do seu dicir ~~o~~ apexo de anxo año.

Eu deboo tudo e sóio
teño iste ~~amor~~ belo amor vello e ferido
que sabe do segredo do meu bosco
sin paxaros nin outros.

Que cheas de tristura van baldeiras
de ti ~~miñas~~ mans marchas polo rio.
istas

O meu mundo chamarse lúe en verde.
 Chamarse seda arela en verde lúe.
 En xerman
 Nomes coxuros terra ou universo.

Prumo ou espumo. Lóstrego
 sabor do verde requimo de fraxe.

Cis tres maus na miña face.
 batanme a usar o dardo viero
 do servil agrarimo lúe.
 E ti veste fúlo allos fuxindo
 louce, ce outo mundo sin saigand
 sin terra nin ce todo ceio lúe.
 I eu gero ir ^{gontigo} (foze ti) e trofeso
 nos ceu mil burtos da noite.
 Atruido aveloane. As maus.

GALO, punteiro en re maior do día,
canta a albura da súa
calidade de duque.

Unha espora e unha voce no seu tercio
prumón de arco da vella. Donosía
de coores na restreva chea de scl.

O seu destifio cumpre con fachenda
e xusticia de besta coroada.

Non quixera ser home por non sere
unhá pinga cangada de cultura
hipócrita e mancada
onde a razón de ~~vam~~ non cabe n-outro
e o delor e a anguria van medrando
coma os laios dos cas a lua parva.

Non quixera ser home por non ire
tripando por vieiros tan retortos.

E goza sendo alento,
folgo roibo e baril, predicadore
da lus e das migallas.

Felice meu amigo
Si poideras prender entre dos homes
ise senso que pula por cantare
no teu ser voadeiro de paxaro.!

AGARDOTE.

Con unha fame seca
de bicos e raiolas vou e agárdote .

Con unha fame seca de mans mansas.

E sei que virás deica min' surrindo
chea de verbas dondas e ledicias.

I estarás a miña beira acochándome.

E vácuo o meu castelo
â toa seguirá atendendo a lua
das tuas mans soñadas no meu sangue.

Lugiérnaga en la noche.
Melodía perdida entre timbales.
Y una palabra sólo
que asesinó el secreto.
Pobre ilusión sin sombra
ni ternura de manos.
Leve nube lejana.
Naufragio en amarillo
en ribera sin conchas.

JUEGA tu con la brisa.
Yo no puedo.
Tengo heridos los ojos y las manos
por una angustia roja.
Terco insecto inquietante
me navega la sangre.
Ya no tengo ni fuente ni paloma.
Quizá sólo una leve
ilusión de luciérnaga
más allá de la vida y de las horas.
Juega tu con la brisa.
Quiero ver la alegría esta mañana
en que llora mi sombra.

O meu pequeno mundo veu a nada
e ataquízame o árbore ata os pes.

Xúzgame vencido.

Cegoume a vida a luz e os cen camiños
da miña intimidade.

Agora tudo é neboa tan pechada
que non atopo porta nin alento.

Son unha soma morta.

Unha moura folerpa de pecado.

Vencido vou na derradeira noite
sin estrelas nin mans, pra ir andando.

I era unha illa verde
que os poucos xermolaba e frolecia
lirios e pombas coma mans, voando.

Feio unha auguira. Voume
 por todos os cantos espiñeiros.
 Auguira de estar soa,
 nas entremedias de xentes compelidos
 E cinto ^{ital} muias mans amigas
 na freira
 dunha ponte madura de garraños.
 As mans, sempre as mans cheas
 de friaxe
 maduro polo ceo de toxinas
 sin foles amarelas.
 Perdume como chumbo
 como un peido, Como
 a tres viciis acauze e fau frets
 de un mesmo.
 Feio unha auguira. Voume
 esquecendo de mim e dos misterios.

Que feliz ir bebiendo tanta lluvia
cuando me arden la frente y las entrañas.

Tengo una enorme sed de vendavales
y espero que una tarde sin consuelo,
vengan y borren esta sed,

Y talen
este bosque podrido que me envuelve
en una nube hipócrita y pintada
de mentido arco iris.

Pero esta lluvia de tormenta en calma,
como este yo que voy todos los días
vestido con anillos y corbata,
me ofrece un falso alivio horizontal
y harmónico de sonrisa pagada.

El alivio vendrá después del trueno
que se produzca en el mañana tarde.

Y habrán pasado ya los vendavales.

Una rosa sencilla como una
mirada de perdón y primavera
abrirá su canción sobre cenizas
de este bosque sin cielo.

Será la rosa de tu voz abierta
repitiendo el sermón de la montaña.

AO CAIR DAS FÓLHAS
=====

Tarde de outono. O sol morreu ao longe
Com pompa gloriosa,
Numa explosão de luz.
E a noite cai na terra silenciosa,
Como na face lívida dum monge
A sombra dum capuz.

Dame tu mano verde
tu tierna mano verde todavía
Yo te dará un poema
de alicenzas y rosas sin espinas
dame tu mano verde,
Yo te dará el poema de mi vida